



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es · www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DE DATA 12 DE ABRIL DE 2013

ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

CONCELLEIROS/AS:

D.^a MARINA BOUZA COUCE
D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ
D. FCO. JAVIER BOUZA BERMUDEZ
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

SECRETARIO:

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás doce horas do día doce de abril de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Disculpan a asistencia a D. Marcos Rodríguez Calvo, D. Fernando Vilar Díaz, e D.^a Olga María Blanco Teijeiro.

1. LECTURA E APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 22 DE MARZO DE 2013. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres/Sras. Concelleiros/as asistentes se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e dous de marzo de dous mil trece.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PXOM DA CAPELA. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente do informe favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno realizada o derradeiro día 8 de abril de dous mil doce. A proposta da Alcaldía é a da aprobación provisional do documento de modificación puntual número 1 do PXOM da Capela, recollendo os términos da alegación formulada por D. Jose Seco Fernández, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterase o xa manifestado na derradeiro Comisión informativa de asuntos do pleno.

Sen máis debate, e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión que representación a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar provisionalmente o documento de "Modificación Puntual nº 1 do PXOM do Concello da Capela", que recolle a alegación formulada por D. José Seco Fernández en representación do Grupo Municipal do Partido Popular no período de exposición pública do documento de aprobación inicial.

2º. De acordo co establecido no artigo 85.7 da Lei 9/2002 (LOUGA) someter o expediente completo debidamente dilixenciado ao organismo autonómico competente ós efectos de aprobación definitiva.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as doce horas e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Manuel Meizoso López

O Secretario,



José A. Meizoso Paz